

COMUNICADO INSTITUCIONAL

A Universidade da Coruña quere expresa-la súa condena máis firme da salvaxe acción asasinada perpetrada en Madrid e solidarizarse coas vítimas e cos seus familiares.

Sobrecóllenos a magnitude da barbarie desatada no atentado. Quen actúa mediante o asasinato e a ameaza, cun miserable desprezo á vida e á dor doutras persoas, non merece máis ca o noso enérxico rexeitamento.

Reafirmámo-lo noso compromiso coa democracia, a liberdade e os dereitos fundamentais das persoas.

A Universidade da Coruña defende e defenderá os valores da paz, o diálogo e a tolerancia, da razón fronte á violencia terrorista.